



REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DE DATA 19 DE FEBREIRO DE 2013.

Na sala de Xuntas do Excmo. Concello de Pontevedra, sendo as nove e trinta horas do día dezanove de febreiro de dous mil trece, réunese a Mesa de contratación para a apertura de documentación e proposta de adxudicación da obra “Proxecto de arranxo da estrutura, fachada e cuberta na Casa do Concello”, presidido polo Concelleiro de Facenda e Medio Ambiente, don Raimundo González Carballo; por delegación do Excmo. Sr. Alcalde; asisten como vocais o Arquitecto xefe da OTA, don Angel Velando Rodríguez; a Interventora Xeral, dona Blanca Vega Lorenzo; o Asesor Xurídico, don José García Mon; e a Xefa do Servizo de contratación dona Marta de las Heras Rodríguez, en funcións de Secretaria, que da fe do acto.

Constituída Mesa de contratación para apertura de documentación e proposta de adxudicación e previamente ó acto de apertura das proposicións económicas ou ofertas, o órgano procede á calificación dos documentos presentados procedéndose, pola Secretaria, a apertura dos sobres que conteñen a documentación administrativa sendo as seguintes:

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA “SOBRE A”:

-Proposición nº 1 presentada por **don Juan Rafael Pérez Abilleira e Isidro Benade Vassalo**, en representación da empresa **ABELLEIRA CPA S.L. Y ISIDRO BENADE EMPRESA CONSTRCTORA S.L.**, examinada a documentación observase que falta o bastanteo de poder, e concédeselle un prazo de tres días hábiles coa finalidade de que subsane a deficiencia observada.

-Proposición nº 2 presentada por **don Juan Ramírez Ucha**, en representación da empresa **DICSA S.A.U.**, examinada a documentación presentada a mesma axústase ao estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Proposición nº 3 presentada por **don Santiago Ferreiro Pérez**, en representación da empresa **OREGA CONSTRUCCIÓN&SERVICIOS**, examinada a documentación presentada a mesma axústase ao estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares.

Proposición nº 4 presentada por **don Javier García Pérez**, en representación da empresa **COPCISA** examinada a documentación presentada a mesma axústase ao estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Proposición nº 5 presentada por **don Jesus Lorenzo Meléndez de Arvas**, en representación da empresa **EDISERPO EMPRESA CONSTRCTORA**, examinada a documentación presentada a mesma axústase ao estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Proposición nº 6 presentada por **don Pablo Santos Nieves**, en representación da empresa **PROYCOGA CONSTRUCCIONES**, examinada a documentación obsérvase

que falta na solvencia económica o importe do contrato, e concédeselle un prazo de tres días hábiles coa finalidade de que subsane a deficiencia observada.

-Proposición nº 7 presentada por **don Iván Martínez de Santiago**, en representación da empresa **EL CORTE INGLÉS**, examinada a documentación observase que non xustifica a solvencia técnica, e concédeselle un prazo de tres días hábiles coa finalidade de que subsane a deficiencia observada.

-Proposición nº 8 presentada por **don Angel F.J. Martínez Cachafeiro**, en representación da empresa **TUCONSA**, examinada a documentación presentada a mesma axústase ao estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Proposición nº 9 presentada por **don Emilio Balboa Ortiz**, en representación da empresa **CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA**, examinada a documentación observase que non presenta a certificado de solvencia técnica axustada ao prego, e concédeselle un prazo de tres días hábiles coa finalidade de que subsane a deficiencia observada.

Comprobada a documentación correspondente aos sobres "A", procédese, pola Mesa de Contratación a declarar admitidas todas as proposicións presentadas excepto ás formuladas polas empresas **ABELLEIRA CPA S.L. Y ISIDRO BENADE EMPRESA COSTRUCTORA S.L., EL CORTE INGLÉS, PROYCOGA CONSTRUCCIONES e CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA** as cales dispoñen de **tres días hábiles** para subsanar o defecto observado na súa documentación.

E no sendo outro o motivo deste acto, dase por terminado no lugar e data enriba indicados.